



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 2 DE NOVEMBRO DE 2009.

---Contrato: OBRAS DE "REDES DE SANEAMENTO EN VILAR, TRAVESÍA DO MATADOIRO, TABEIRÓS E OUTROS".

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 5 DE NOVEMBRO DE 2009

Vista a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia en relación á adxudicación provisional do contrato de obras de "Redes de saneamento en Vilar, Travesía do Matadoiro, Tabeirós e outros".

Visto o expediente tramitado, de contratación das obras mencionadas.

Visto que, dentro de prazo, so presentou solicitude de participación á empresa Construcciones Sangiao, S.A.

Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

Vista a oferta realizada polo licitador.

Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.

Visto o informe emitido con data 02-11-09 pola Intervención municipal.

Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21-06-07.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de "REDES DE SANEAMENTO EN VILAR, TRAVESÍA DO MATADOIRO, TABEIRÓS E OUTROS", por importe de 153.497,43 € a CONSTRUCCIONES SANGIAO, S.A., con arranxo aos Pregos e á súa oferta.

2º.- A Adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondentes no ámbito municipal, provincial ou nacional.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE.

A documentación deberá de ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notifíquese o presente Acordo aos licitadores e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 5 de novembro de 2009.
O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López.